

ÁREA:
LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN 5º EP

ESTÁNDARES	MÍNIMOS ESIXIBLES
BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. 	Comprende as ideas xerais en textos orais do seu nivel procedentes de medios audiovisuais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital. 	Comprende a idea principal e recoñece vocabulario e estruturas en textos orais sobre temas de interese con apoio visual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. 	Identifica a información principal en interaccións orais nas que participa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. 	Escoita atentamente nas conversas orais respectando as quen das.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. A mosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. 	Atende as intervencións orais alleas coa intención de mellorar a súa expresión oral.
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. 	Participa comprensiblemente en conversacións simuladas ou reais previamente preparadas sobre temas de interese.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. 	Pregunta e responde en interaccións diarias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.3. A mosa unha actitude de escoita atenta. 	Escoita activa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia. 	Produce de xeito comprensible diálogos ou dramatizacións propias utilizando soportes multimedia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. 	Recorda e resume as ideas principais dun texto previamente escoitado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións dos seus compañeiros/as. 	Interesase polas opinións alleas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.7. Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor. 	Recoñece a importancia da diversidade lingüística.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. 	Utiliza aspectos fundamentais da comunicación oral (pronunciación, entoación...) mellorándoos progresivamente.
BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	Comprende notas informativas relacionadas con contidos traballados previamente de xeito oral.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. 	Comprende a idea principal dunha noticia con apoio visual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. 	Utiliza estratexias de comprensión lectora (búsqueda de palabras clave, uso do contexto para a comprensión, etc...)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento. 	Fai uso da biblioteca de aula de xeito autónomo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. 	Predice ideas sobre un texto a partir do apoio visual e o título.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. 	Valora os textos escritos como xeito de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.8. A mosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. 	Interesase por aprender e recibir información a través dos textos escritos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.9. A mosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. 	Interésase por utilizar a ortografía e puntuación adecuadamente.
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. 	Redacta textos sinxelos sobre vida e experiencias previamente traballados de xeito oral.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. 	Redacta diálogos sinxelos seguindo un modelo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.3. Escribe textossinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos). 	Redacta notas sinxelas con coherencia e cohesión e utilizando o vocabulario axeitado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.4. A mosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. 	Interésase pola redacción de textos a través das TIC.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións 	Redacta notas, instrucións, cartas, descrições ou textos sinxelos sobre

ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)	gustos propios.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...). 	Redacta información significativa en soporte físico ou dixital, individualmente ou por parellas seguindo un modelo.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. 	Emprega dicionario para elaboración de redaccións.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 	Presenta os textos de xeito ordenado e cunha caligrafía apropiada.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. 	Redacta correctamente textos variados segundo a situación comunicativa.
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. 	Identifica e compara aspectos esenciais da cultura estranxeira coa propia con actitude positiva.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. A moza curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. 	Amosa curiosidade pola lingua e cultura estranxeiras.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. 	Traballa de xeito cooperativo ou individual con respecto.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. 	Utiliza as fórmulas adecuadas de inicio e fin de interaccións.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos. 	Pregunta/responde adecuadamente segundo o contexto da actividade.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación... 	Identifica diferentes formas verbais así como estruturas afirmativas e negativas.
<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer... 	Identifica e expresa os diferentes tipos de actividades.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. 	Describe e compara adecuadamente escenas sinxelas.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa. 	Describe con detalle información persoal ou relativa a gustos propios e alleos.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. 	Distingue e utiliza indicacións orientativas e instrucións.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. 	Diferencia preguntas e respostas e a información ofrecida por estas.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.11. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. 	Forma oracións con coherencia e cohesión.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. 	Utiliza adecuadamente expresións básicas de interacción social.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. 	Comprende e emprega adecuadamente o vocabulario básico para interaccións diversas tanto orais como escritas.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. 	Identifica e compara aspectos esenciais da cultura estranxeira coa propia e as expresa a través de manifestacións artísticas.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. 	Establece comparacións entre a lingua estranxeira e as da súa contorna.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas. 	Valora as linguas como instrumento de comunicación e aprendizaxe cultural.